

# ORIENTACIONES PARA A CO INTERVENCIÓN EDUCATIVA ALUMNADO CON NEAE ASOCIADAS A DISCAPACIDADE AUDITIVA



Dentro do Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva, temos unha serie de medidas de intervención que convén sexan seleccionadas e adaptadas á cada materia, de xeito que cada profesor e profesora seleccione aquelas que máis se adapten a súa materia, ou lles conceda maior ou menor peso dependendo da súa programación e da súa consideración da mellor maneira de desenvolve-la.

Con carácter xeral, será preciso:

## *A. Facilitarlles a adquisición dun sistema de comunicación*

En todos os casos de perda auditiva o primordial será que o alumno ou a alumna dispoña de, cando menos, un sistema de comunicación, que pode ser: oral, signado, visual... Analizarase a información recabada sobre a funcionalidade da audición, a habilidade para a labiolectura, a competencia lingüística e a presenza ou non de problemas asociados. Por iso deberemos considerar:

- ▶ Necesidade de continuar ou de introducir un sistema de comunicación signado.
- ▶ A posibilidade de utilizar a comunicación oral empregando estratexias que faciliten a recepción e a comprensión.
- ▶ A posibilidade de utilizar sistemas aumentativos de comunicación como apoio ao proceso de adquisición da linguaxe oral, escrita, signada e da labiolectura.

## *B. Estimular e potenciar a percepción auditiva do alumnado*

Moitos nenos e nenas con perda auditiva teñen restos aproveitables para a comunicación oral, sobre todo cando teñen unha boa adaptación protésica. Outros

dispoñen duns restos que, aínda que non lles permitirán percibir a palabra nin os ruídos significativos, constitúen, con todo, un complemento moi útil para o seu manexo na vida diaria (escoitar ruídos fortes, timbres, alarmas...), para a lectura labiofacial e para a educación da voz.

### *C. Favorecer a lectura labial*

A lectura labial axuda a entender a mensaxe da persoa interlocutora a partir dos movementos e posicións dos seus órganos articulatorios visibles. Aínda que presenta limitacións, constitúe un elemento imprescindible para a comprensión da linguaxe oral.

De igual xeito que resulta máis fácil entender unha produción nunha lingua que non dominamos cando podemos ver a cara da persoa que fala, as persoas con perda auditiva utilizan toda a información asociada á labiolectura para a comprensión ou o enriquecemento do resto auditivo.

### *D. Desenvolver a linguaxe oral*

Dado que, en maior ou menor medida, a adquisición de linguaxe oral con certa funcionalidade sempre é posible, hase de procurar favorecer e potenciar, cando menos, a articulación de sílabas, palabras e frases.

### *E. Favorecer o desenvolvemento semántico e morfosintáctico, particularmente na escrita*

O neno ou a nena con déficit auditivo adoita acusar un importante déficit a nivel de vocabulario e de estruturación da frase, polo que é necesario que se potencien estas dimensións da linguaxe.

Hai que ter presente que a linguaxe escrita é un medio visual de comunicación que representa os diferentes códigos de organización e de significación da linguaxe oral (fonolóxico, sintáctico e semántico), pero ao non ser a linguaxe oral a comunicación natural e primaria para moitas persoas con déficit auditivo, a linguaxe escrita presenta dificultades de adquisición. Non se pode esquecer que en casos nos que,

mesmo con apoio protésico, non se consegue unha boa percepción da linguaxe oral, a escrita non responde a unha transcripción da linguaxe oral, como si ocorre en persoas oíntes, e pode, en ocasións, reflectir a estrutura da lingua de signos. Polo tanto o acompañamento e apoio para o desenvolvemento da escrita debe ser unha prioridade e unha constante en todas as materias.

#### *F. Desenvolver habilidades cognitivas*

É necesario que o alumnado con perda auditiva desenvolva capacidades para pensar e razoar sobre contidos progresivamente máis abstractos e distantes do seu mundo familiar e social máis próximo e que adquiera e organice os coñecementos en esquemas cada vez máis amplos, complexos e precisos.

De acordo coa información solicitada sobre as habilidades lingüísticas e cognitivas, concretarase o traballo específico e curricular que se vai desenvolver ao longo de todas as áreas e en calquera momento comunicativo, e as axudas e estratexias que as fomenten.

#### *G. Participación activa na comunicación, na información, na aprendizaxe e nas relacións da aula*

O alumnado con perda auditiva, para poder desenvolver un coñecemento rico e extenso, para ir formando un coñecemento crítico das cousas, para chegar a coñecer o que pensan e senten os demais así como para poder anticipar e actuar de forma adaptada a cada situación, precisa:

- ▶ Recibir a información que se dá na aula.
- ▶ Participar plenamente nos debates e nas conversas.
- ▶ Enriquecer a experiencia, información e coñecementos.
- ▶ Acceder ás aprendizaxes que se desenvolven na aula.

#### *H. Fomentar a autoestima e promover a inclusión plena*

O emprego de metodoloxías inclusivas e a eliminación das barreiras de comunicación, favorecerá o desenvolvemento xeral do alumnado, o seu éxito educativo e con iso a

mellora da súa autoestima.

---

### *PLANIFICACIÓN EDUCATIVA A NIVEL DE AULA*

---

Procurar ter sempre unha sonoridade e iluminación o máis adecuada posible, tendo en conta que a luz natural débelle dar de costas ao alumnado para ver á persoa que fala.

- Buscar a localización idónea do alumnado con respecto ao seu profesor ou á profesora e aos seus compañeiros ou compañeiras de xeito que vexa ben o profesorado e os compañeiros e compañeiras, para que poida decatarse do que din e participar da conversa. Pode ser necesario, por tanto, repensar a distribución da aula.
- Falar de fronte e ter o alumno ou a alumna preto cando se fala ou se explica ao grupo.
- Falar cunha articulación clara, nun ton que non sexa baixo e evitar facelo con rapidez ou demasiado lento ou sobrearticulado. Enfatizar a entoación.
- Non obstaculizar a labiolectura evitando bloquear a visión da boca coas mans, bolígrafos ou con bigote ou barba moi pechada.
- Tentar reducir o ruído ambiental ou aplicar dispositivos técnicos que o reduzan (emisoras FM, bucle magnético) e tamén procurar o máximo silencio posible antes de iniciar calquera explicación.
- Antes de dar unha mensaxe ou unha explicación, asegurar a atención do alumno ou da alumna.
- Apoiar o contido das explicacións ou dos relatos co maior apoio visual posible (láminas, viñetas, murais, libros, pizarras, medios audiovisuais...) e acompañar a linguaxe oral con xestos naturais e corporais ou con medios visuais de apoio á comunicación oral: soportes visuais, emisoras FM, bimodal....).

- Escribir no encerado as palabras máis específicas ou de uso pouco habitual que se van a utilizar na explicación e escribir un esquema desta para que o alumnado a siga mellor.
- Incidir nas ideas principais que se queren transmitir.
- Comprobar o que entendeu dunha explicación ou dun relato formulándolle preguntas concretas sobre este.
- Dirixirse ao alumnado para repetir ou transmitir determinadas instrucións ou explicacións individuais, especialmente cando se comproba que non entendeu correctamente.
- Asegurar o seguimento das conversas de grupo. É necesario inducir a súa participación e asegurarse de que capta e comprende ben as achegas dos seus compañeiros e compañeiras mediante o desenvolvemento de estratexias como:
  - ✓ Control do ritmo da conversa para que sexa pausado.
  - ✓ Evitar o solapamento de intervencións, procurando que se respecte a quenda de palabra e indicando quen está a falar en cada momento.
  - ✓ Repetir de forma máis sinxela e comprensible aquelas achegas especialmente interesantes e a formulación de preguntas directas ao alumno ou á alumna.
- Empregar un “calendario de anticipación” no que se represente a secuencia da actividade do día. Nas actividades non previstas, procurarlle unha información continua e completa dos acontecementos.
- Axudarlle a expresar os seus coñecementos.
- Posibilitar a colaboración de dous profesionais (un dedicándose a ofrecer unha atención máis individualizada do alumnado con discapacidade auditiva).
- Facilitar a participación activa en actividades en pequeno grupo, en currunchos de traballo, nos que se poden desenvolver actividades de acción ou de atención conxunta.

- Promover unha maior potenciación do recuncho da lectura, o que contribuirá e facilitará o acceso á lectoescritura.
- Provocar situacións de conflito cognitivo para que o neno ou a nena sexa parte activa do seu coñecemento.
- Antes de iniciar unha nova aprendizaxe é aconsellable poñer ao alumno ou á alumna en situación, para iso recoméndase:
  - ✓ Utilizar vídeos, imaxes e outros materiais visuais.
  - ✓ Realizar un maior número de demostracións ou actividades para que comprenda con máis facilidade.
  - ✓ Graduar en pasos máis curtos ou darlle máis axudas en aquelas actividades que resulten máis complexas para os alumnos e as alumnas.
  - ✓ Relacionar os contidos das diferentes áreas do currículo para favorecer a comprensión, organización dos contidos e a aplicación destes.
- O alumno ou a alumna con discapacidade auditiva non pode escoitar e escribir ou executar varias tarefas ao mesmo tempo. Convén ter isto presente cando unha explicación vaia acompañada dunha demostración ou consulta de textos, mapas... e deberase seguir esta secuencia: visualización da imaxe, explicación e nova visualización da imaxe.
- Favorecer a aprendizaxe autónoma e comprensiva traballando técnicas de estudo e facilitándolle materiais en diversos formatos.
- Axudar o alumnado a modular a súa voz e a súa fala.
- Favorecer a aprendizaxe continua de vocabulario, expresións e habilidades lingüísticas.
- Facilitar a recepción, comprensión e expresión noutras linguas.
- Adaptar, se é preciso, os tempos para a execución das tarefas.
- Determinar os procedementos e instrumentos máis idóneos para avaliar o alumnado.

- Axudar a que se adapte á dinámica social da clase. Asegurar a comprensión de valores e normas de convivencia que axuden o alumnado a planificar os seus actos, anticipar as súas consecuencias e aceptalas: consensualas, enténdelas e cumprilas como todos e todas.
- Traballar as emocións propias e alleas para facilitar a comprensión das reaccións dos demais e a súa autorregulación.
- Fomentar as relacións positivas entre alumnado oínte e alumnado con discapacidade auditiva, tanto dentro coma fóra da aula e do centro.

*Estas accións educativas son beneficiosas, en xeral, para o conxunto do grupo e non só para o alumnado con discapacidade auditiva.*

Desde o centro educativo é importante orientar a familia sobre como favorecer situacións comunicativas na súa contorna familiar. **Para isto ofrécense as seguintes estratexias, que tamén son útiles para o profesorado:**

#### 1. Fomentar a comunicación:

- Reservar un tempo para a comunicación individual co neno ou coa nena.
- Colocarse fisicamente á súa altura.
- Adaptar a linguaxe ao nivel lingüístico do neno ou da nena: vocabulario e enunciados sinxelos, partindo de temas do seu interese.
- Provocar verbalizacións a partir de comentarios, suxestións ou preguntas sobre as actividades ou actuacións que se levan a cabo (primeiro collemos o coche e agora?... que facemos?... / collemos...ou...? / queres...?).
- Seguir a iniciativa do neno ou da nena, realizar comentarios relacionados co que dixo, fixo, sinalou ou mirou.
- Equilibrar as quendas de intervención adulto-neno, darlle oportunidades de intervir e respectar un tempo de espera para que responda.
- Reforzar calquera intento de comunicación con expresións positivas (estupendo!, que ben!).

- Confirmar ou facer relevante o que o neno ou a nena di (por exemplo, “si claro, é un can”)

## 2. *Para avanzar no desenvolvemento da fala e da linguaxe oral:*

- Sobreinterpretar ou traducir en palabras o que o neno ou a nena quixo comunicar mediante xestos, signos ou vocalizacións inintelixibles.
- Introducir axudas non verbais para evocar linguaxe mediante sinalizacións ou a realización de xestos ou signos.
- Introducir na conversa respostas erróneas para que nos corrixa.
- Realizar correccións implícitas, achegando o modelo lingüístico correcto (é dicir, repetir o que o alumno ou a alumna dixo pero de xeito correcto, facilitando un modelo correcto, pero sen dicir expresamente que o fixo mal) sen esperar repetición inmediata e comprobar se as incorpora en expresións posteriores.
- Realizar correccións explícitas, achegando o modelo lingüístico correcto e inducir á repetición nunha situación o máis funcional posible: darlle o modelo e pedirle a repetición dentro dunha mensaxe verbal (é un can/ si, é un can, dille a Carlos que tes un can) ou darlle o modelo e facerlle unha pregunta (que dixemos que é?).
- Iniciar a palabra ou a frase para que o neno ou a nena a complete.
- Organizar a expresión do neno ou da nena. Retomar as súas producións para corrixilas e estruturalas de forma correcta (Ex: neno auga / o neno bebe auga).
- Realizar expansións das producións do neno ou da nena. Retomalas para amplialas con máis información (Ex: caeu o coche / caeu o coche e rompeu).
- Darlle modelos máis correctos introducindo o uso de pronomes, sinónimos ou termos específicos.



- Utilizar diferentes estratexias para que o neno ou a nena continúe coa expresión: repetir o último que dixo e esperar a que continúe ou facerlle preguntas.
- Axudar na resposta a preguntas mediante a formulación de preguntas moi sinxelas, a presentación de opcións e a realización de preguntas pechadas.

### *3. Para as situacións de conversa:*

- Indicarlle cando é a súa quenda.
- Guiar a súa intervención con preguntas sinxelas.
- Empezar a súa expresión.
- Introducir pausas para que responda ou para que continúe
- Coñecer as súas experiencias para preguntar sobre elas.

### *4. Para comprobar a comprensión:*

- Pedir que sinala ou que colla algunha cousa entre varias.
- Pedir cousas sen estar presente o obxecto.
- Identificar o obxecto correspondente a unha descrición que se lle dá.
- Levar a cabo ordes sen apoio xestual ou contextual.

### *5. Para fomentar a autonomía e a interacción social:*

- Potenciar a interacción social mediante a participación en actividades lúdicas e deportivas da contorna máis próxima.
- Implicalos na vida familiar e manter uns niveis de esixencia nas tarefas, acordos cas súas capacidades e idade.
- Ofrecerlles a maior cantidade de información posible sobre o mundo que lle rodea e as normas e valores que o sustentan.
- Todas estas estratexias propostas para o ámbito familiar serán de utilidade en calquera contexto.